

MIRAI, A MIÑA IRMÁ PEQUENA

[Mamoru Hosoda, 2018]

499

ESTREA EN NUMAX: 15.03.2019 | V.O.S.G. | TP

Mirai (2018, 100')

Dirección: Mamoru Hosoda

Guión: Mamoru Hosoda

Son: Yoshio Obara

Montaxe: Shigeru Nishiyama

Música: Masakatsu Takagi

Fotografía: Bergsteinn Björgúlfsson

Produtoras: Studio Chizu (Xapón)

Distribuidora: Sherlock Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Xaponés

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2019 (Nomeada a Mellor Longametraxe de Animación), Cannes 2018 (Quincena dos Realizadores), Globos de Ouro 2019 (Nomeada a Mellor Longametraxe de Animación), Annecy 2018 (Mellor Filme)

FILMOGRAFÍA

El niño y la bestia, 2015

Los niños lobo, 2012

Summer Wars, 2009

La chica que saltaba a través del tiempo, 2006

SINOPSE

Kun, un neno mimado e consentido de catro anos ao que seus pais deixan de prestar atención cando nace a súa irmá Mirai, empeza a sufrir situacións en casa que nunca vivira. Pero entón, a versión adolescente da súa irmá viaxa no tempo desde o futuro para vivir xunto a Kun unha aventura extraordinaria alén do imaxinábel.

«Una pequena xoia.
Dunha beleza arrebatadora»

Wendy Ide, SCREENDAILY



Subtitulado ao galego por NUMAX
coa colaboración da Secretaría Xeral de
Política Lingüística da Xunta de Galicia



MIRAI, A MIÑA IRMÁ PEQUENA

[Mamoru Hosoda, 2018]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

A eterna continuidade da existencia

Por Mamoru Hosoda

Mirai conta a historia dun irmán e unha irmá. Un día, un neno pequeno convértese en irmán dunha recén nacida. A súa ledicia inicial axiña dá lugar ao rexeitamento ante a intrusa, que basicamente estalle a restar atención de seus pais. Nun pequeno xardín tras a casa sucédense encontros estraños: coñece a súa nai de pequena, e logo ve o seu visabó de rapaz. Ao experimentar estas salvaxes aventuras cos súa irmá desde o futuro os sentimentos de Kun comezan a mudar, e a relación con Mirai evoluciona.

Decateime de que as vidas dos nosos pequenos son moi similares ás nosas a pesar do salto xeracional. Unha vez que me convertín en pai sorprendínme a min mesmo dicindo aos meus fillos o mesmo que meus pais me dicían a min, as mesmas cousas contra as que eu me rebelaba de pequeno. Que sentido ten a transmisión de xeración en xeración, dos nosos pais a nós e logo aos nosos fillos, senón o da eterna continuidade da existencia?

A través dunha casa, un xardín e unha familia ordinaria, quería evocar a gran roda da existencia e ese ciclo da vida que todos nós tecemos individualmente. Quería empregar os pequenos elementos das nosas vidas como base para abordar os seus máis importantes temas. Empregando o entretemento como medio quería explorar os novos medios

de expresión que estarían en sincronía cos novos conceptos de familia. Trátase dun proxecto cunha fonda ambición persoal, aínda que en aparencia poida non semellar así.

Publicado en image.net

* * *

Unha sensibilidade sobria e conmovedora

Por Mireia Mullor

Os pais que agora berran aos seus fillos foron, no seu momento, os regañados. É lei de vida. Somos pequenas máquinas de chorar até que aprendemos a discutir con palabras e de aí a tomar as nosas propias decisións. A vida decorre así, entre intres nos que non soubemos procesar os nosos sentimentos e aqueles nos que tocou pedir perdón. A aprendizaxe é constante, aínda que diferente, en todas e cada unha das etapas da vida. *Mirai* é un conmovedor retrato deste camiño de obstáculos a través da relación dun neno coa súa nova irmá pequena.

Non hai dúbida de que Hosoda está a acadar o pleno control do seu talento, que leva a abraíarnos durante os últimos doce anos. Aquí xungue algunhas partes dos seus anteriores filmes [desde a relación entre irmáns de *Los niños lobo* (2012), o relato de aprendizaxe e os toques de fantasía de *El niño y la bestia* (2015), ou

a utilización das viaxes no tempo e as dimensións paralelas de *La chica que saltaba a través del tiempo* (2006)] e aproxímase, quizais de forma consciente ou pode que por unha irrefreábel influencia dentro do anime xaponés, á gran *O meu veciño Totoro* (1988), de Hayao Miyazaki. Dela extraemos o costumismo zarrapicado pola maxia, polo subconsciente febril das súas pequenas protagonistas, e esa teimosía dun neno que por momentos podería chamarse Mei e levar unha mazaroca na man.

Porén, e alén das súas conexións co clásico do Studio Ghibli, o *Mirai* de Hosoda ten personalidade propia. Tamén unha sensibilidade sobria, pero conmovedora, que xa é imposible de disociar do cineasta nipón. Nesa mirada limpa que nos propón sempre hai espazo para empatizar con todos e cada un dos personaxes e, neste caso, onde a infancia e o seu proceso son o eixo central da narrativa, tamén aprenderemos que sermos pai e nai non é nada doado. Que as tarefas no fogar hai que repartilas. Que a Segunda Guerra Mundial foi terríbel. Que a tradición, aínda que caduca e supersticiosa, hai que respectala. Que até as historias máis incríbeis, como unha carreira onde o premio era o matrimonio, poden ser verdade.

Que, de pequenos, nunca soubemos os nomes de pía dos nosos pais. E que aprendelos é o primeiro paso para descubrir que tamén son humanos.

Publicado en fotogramas.es
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

